




BIOGRAFÍA MARÍA VICTORIA MORENO LETRAS GALEGAS 2018

O vindeiro 17 de maio Pontevedra acollerá o acto central da Real Academia Galega co gallo do Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno, pero as iniciativas a prol da difusión do seu legado literario e da súa vida xa comezaron. Na web da institución xa pode lerse *a biografía sobre a escritora que asinan as académicas Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey*, na que percorren os seus principais títulos, desde a publicación en 1973 de *Mar adiante* -unha das obras pioneiras da literatura infantil galega-, o compromiso co ensino da lingua e da cultura galegas en pleno franquismo ou o labor como editora, entre outros perfís.

María Victoria Moreno

María Victoria Moreno, resumen Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey, "contribuíu, xunto a outros autores e autoras da súa xeración, a situar a literatura infantil e xuvenil galega nun lugar digno; a poñer en valor o uso da lingua galega, falándoa e escribíndoa ben, a meterse na pel dos




personaxes e gozar coa literatura, coa beleza das palabras". "Toda a súa vida é un exemplo de compromiso coa causa da lingua galega e da xustiza social", conclúen.

Nas pescudas que realizaron arredor da vida e da obra de María Victoria Moreno, as académicas emendaron unha confusión difundida pola propia autora sobre a súa data de nacemento. Ela afirmaba que nacera en 1941, dous anos despois da data de nacemento real, seguramente para facela coincidir coa das compañeiras de bacharelato, etapa que iniciou tarde debido á situación económica da familia.

Filla de malagueña e toledano, e nada circunstancialmente en Cáceres, foi galega por elección. "A historia de amor entre María Victoria e Galicia comeza en Pontevedra", escriben as académicas na biografía de academia.gal. Esta cidade foi de feito o seu primeiro destino como mestra tras aprobar, en 1965, as oposicións, e o seu fogar e lugar de traballo definitivo a partir de 1967, logo de impartir aulas un par de anos no Instituto Masculino de Lugo.

A sección "Tribuna" de academia.gal tamén abre o ano cun artigo en forma de carta de Marilar Aleixandre dedicada á autora. O texto remata incidindo de novo na importancia de Pontevedra na vida de María Victoria: "Aquí viviches no paraíso. Paraíso foi a rúa amada Pontevedra. Paraíso as aulas, que non desertaches nin estando enferma. Desde Galicia, que este ano te canta, recibe o noso agarimo. Tí segue teimando". Como escenario vital central que foi da homenaxeada, a cidade será este ano a capital das Letras Galegas. Segundo o



acordado co Concello, o Teatro Principal da cidade acollerá o acto académico do 17 de maio e, semanas antes, o Salón do Libro Infantil e Xuvenil, no que, baixo o lema "Mulleres de conto", María Victoria Moreno terá un protagonismo especial.



Obra de María Victoria Moreno

Neste apartado ofrécese unha escolma dos principais títulos de María Victoria Moreno.

Literatura infantil e xuvenil

Narración

Mar adiante (Historias de nenos para nenos). Sada: Edicións do Castro, 1973.

A festa no faiado. Vigo: Galaxia, 1983.

Leonardo e os fontaneiros. Vigo: Galaxia, 1986.

O cataventos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1989.

Anagnórise. Vigo: Galaxia, 1989.

¿Un cachíño de bíca? Vigo: SM, 1994.

¿E haberá tirón de orellas? Vigo: Galaxia, 1997.

A brétema. Vigo: Ir Indo, 1999.

Guedellas de seda e liño. Vigo: Galaxia, 1999.

Poesía

Eu conto, tú cantas. Vigo: Xerais, 2005.

Ensaio, poesía e narración

Diario da luz e a sombra. Vigo: Xerais, 2004.

Elexías da luz. Vigo: Xerais, 2006.

Onde o aire non era brisa. Vigo: Galaxia, 2009.

Estudios literarios e lingüísticos

Libros

Literatura [galega] século XX. Iniciación universitaria (en colaboración con Xesús Rábade Paredes). Vigo: Galaxia/SM, 1985.

Literatura [galega] 3º BUP (en colaboración con Xesús Rábade Paredes e L. Alonso Gírgado). Vigo: Galaxia/SM, 1987.

As linguas de España. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991.

Verso e prosa. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991.

Estudios e artigos en revistas colectáneas

Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía



gallega. Madrid: Akal, Colección Arealonga, 1973.

"No deixéis que muera vuestra lengua", en Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas. Madrid: Akal, Colección Arealonga, 1974.

"Comentarios de textos: descubrir a realidade", en Xornada de Língua galega no ensino. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984.

"¿Escritora alófona eu?", en Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso Galaico. Vigo: Galaxia, 1994.

"Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto no que recibiu o Pedrón de Ouro", en Comentarios de texto populares e de masas (ed. de Claudio Rodríguez Fer). Vigo: Xerais, 1994.

"O encontro", en Un libro, a maior aventura. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003.

"Cartas de amor", en Carlos Casares: a semente aquecida da palabra. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003.

"Danza da lúa en Santiago. Suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego (1985)", en Madrygal. Revista de Estudos Gallegos. Madrid: Universidad Complutense de Madrid, 2015.

Traducións

Gabrile Janer Manila, Isto que ves é o mar. Vigo: Galaxia, 1989. Tradución do catalán.

Manuel de Pedrolo, Mecanoscrito de segunda orixe. Vigo: Galaxia, 1989. Tradución do catalán.

M^a Ángels Gardella, Os ollos do dragón. Vigo: Galaxia, 1989. Tradución do catalán.

